

NOVIDADE EDITORIAL
INVERNO 2015-2016

alvarellos
EDITORIA

As crónicas sobre Santiago que Filgueira Valverde escribiu en 1970


Unha nova edición, traducida por vez primeira ao galego e con limiar de Xerardo Estévez, rescata as dezasete *Historias de Compostela* que Xosé Filgueira Valverde publicara en 1970 no selo dos Bibliófilos Gallegos.

Unha das obras fundamentais de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996). Estas *Historias de Compostela* foran publicadas en 1970 na editorial compostelá Bibliófilos Gallegos e aparecen agora por vez primeira traducidas ao galego.

No novo limiar que acompaña á presente edición, o arquitecto e ex-alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, resume así a esencia destas páxinas:

«Hai na obra de Filgueira un *ostinato* compostelán coa súa historia propia e europea, que vai do acibeche ou o gravado á grande arquitectura, de Xelmírez a Quevedo, das cantigas alfonsinas ao esplendor do Camiño».

Foron varios centos os traballos que Xosé Filgueira Valverde dedicou ao seu adorado Santiago. Nestas *Historias* o escritor vese a si mesmo como un “recomptador”, ou recompilador, daqueles que andaban os camiños da vella Europa contando relatos e cantando melodías, dos que armaban historias para facer máis doada a peregrinación de todos aqueles que ansiaban Compostela.



FICHA 344 pp | 13 x 21 cms | Cartonado.
ISBN 978-84-16460-00-7 | PVP: 22 €



Contacto coa editorial: prensa@alvarellos.info | 981 522 137 | 609 90 88 52.